

**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**ASUNTO: 1º EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO DE  
CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO NA  
CATEGORÍA DE OFICIAL DE 2ª PARA O GRUPO  
MUNICIPAL DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL  
(GES) DA ZONA DE EUME E FERROL, CON SEDE EN  
MUGARDOS.**

## **1º EXERCICIO - CUESTIONARIO**

**Data: 23 DE MAIO DE 2022**

--

### **CUESTIONARIO DE PREGUNTAS:**

1.- A protección civil é un instrumento da

- a) da política sanitaria.
- b) da política da seguridade pública.
- c) de ningunha delas, xa que a protección civil é unha política estatal por si mesma.

2. Que tipo de plan non aparece recollido na Norma Básica como plan de protección civil?

- a) Plan Territorial.
- b) Plan Especial.
- c) Plan de Continxencia.

3. Quen declarar a emerxencia de interese nacional?

- a) A persoa titular do Ministerio de Interior.
- b) A persoa titular da Presidencia do Goberno.
- c) A persoa titular da Delegación do Goberno no territorio onde se orixinou a emerxencia.

4. No nivel 0 o director do PLATERGA é:


- a) A persoa titular da Alcaldía.
- b) A persoa titular da Alcaldía en comité de dirección con representante da Dirección Xeral de Protección Civil.
- c) A persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

5. Que grupo operativo non aparece recollido no PLATERGA?

- a) O de Intervención.
- b) O Sanitario e de Acción Social.
- c) O de Tráfico.

6. Segundo o PLATERGA, en caso de que se produza unha “situación de grave risco, calamidade pública ou catástrofe” estaremos na fase de:


- a) Na Fase de Alerta.
- b) Na Fase de Intervención.
- c) Na Fase de Emerxencia.



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**ASUNTO: 1º EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO DE CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO NA CATEGORÍA DE OFICIAL DE 2ª PARA O GRUPO MUNICIPAL DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) DA ZONA DE EUME E FERROL, CON SEDE EN MUGARDOS.**

7. Que risco non aparece recollidos como obxecto dos plans especiais na Norma Básica?
- Químicos.
  - Sismos.
  - Fenómenos meteorolóxicos adversos.
8. O Plan NEGA é un plan:
- Especial.
  - Sectorial Específico.
  - Emerxencia exterior.
9. Quen é a persoa que exerce como Director/a do PEMU?
- A persoa titular da Alcaldía, sen que se permita delegación.
  - A persoa titular da Alcaldía ou en quen delegue.
  - A persoa máis idónea entre o persoal municipal.
10. Que é a persoa encargada de activar o PEMU?
- A persoa titular da Dirección do Plan.
  - A activación do Plan corresponde ao CECOPI.
  - A activación do Plan corresponde ao Comité Asesor.
11. A Xunta Local de protección Civil é un órgano de:
- Coordinación.
  - Asesoramento.
  - Ambos.
12. Cal das seguintes non é unha medida de socorro das que debe recoller o PEMU segundo o PLATERGA?
- Primeiros auxilios.
  - Avisos á poboación.
  - Abastecemento.
13. Nunha intervención nun accidente de tráfico, que elemento non consideraremos un EPI?
- Casco.
  - Funda protectora do volante.
  - Luvas.
14. Tendo en conta a terminoloxía estándar para identificar as partes dun vehículo, os travesaños son:
- parte que vai desde o largueiro inferior até a metade, aproximadamente, onde comeza a xanela.
  - partes que unen os largueiros superiores.
  - elemento lonxitudinal, que vai desde onde finaliza o pilar até o largueiro superior.



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**ASUNTO: 1º EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO DE CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO NA CATEGORÍA DE OFICIAL DE 2ª PARA O GRUPO MUNICIPAL DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) DA ZONA DE EUME E FERROL, CON SEDE EN MUGARDOS.**

15. Como se denomina a enerxía que adquire o vehículo ao circular a certa velocidade?

- a) mecánica.
- b) cinética.
- c) gravitacional.

16. Cal dos seguintes pode ser considerado un elemento de seguridade pasiva nun vehículo?

- a) Freos.
- b) Control de estabilidade.
- c) Cinto de seguridade.

17. Cal considera que debe ser a primeira actuación nun accidente de tráfico?

- a) Estabilización do vehículo.
- b) Tratamento dos cristais.
- c) Comprobar estado da batería.

18. Cal será a ferramenta a utilizar nunha apertura de porta por bisagras?

- a) Separador.
- b) Cizalla.
- c) RAM.

19. Cando o rescatador administra as compresións torácicas a un neno, utilízase:

- a) O talón dunha man.
- b) Dous dedos.
- c) Calquera das anteriores é correcta.

20. A conduta "PAS" fórmase coas iniciais

- a) Protexer, Alertar e Socorrer.
- b) Previr, Alertar e Socorrer.
- c) Protexer, Alertar e Salvar.

21. Cales son os principais perigos para un queimado?


- a) A hipotermia.
- b) A infección bacteriana.
- c) Ambas son correctas.

22. Que se explora na exploración primaria?

- a) O pulso.
- b) A consciencia e a respiración.
- c) O estado neurolóxico.

23. Ante unha situación de atragoamento, en caso de obstrución de vía aérea leve, débese:

- a) Animar á vítima a seguir tosendo.
- b) Dar até 5 golpes nas costas.



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**ASUNTO: 1º EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO DE CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO NA CATEGORÍA DE OFICIAL DE 2ª PARA O GRUPO MUNICIPAL DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) DA ZONA DE EUME E FERROL, CON SEDE EN MUGARDOS.**

c) Tombar á vítima no chan e iniciar RCP

24. A actitude correcta ante unha hemorraxia é:

- a) Aplicar un torniquete e vixialo periodicamente
- b) Presionar cunha gasa limpa.
- c) Limpar a ferida e ofrecer auga ao lesionado.

25. O plan de autoprotección é:

- a) Un plan de protección civil.
- b) Un plan de prevención de riscos laborais.
- c) Un plan de emerxencias e prevención de riscos laborais.

26. De cantos capítulos, como mínimo, debe estar composto o plan de autoprotección?

- a) Seis.
- b) Oito.
- c) Nove.

27. No caso das instalacións fechadas desmontables, cal é a capacidade que marca a obrigatoriedade dun plan de autoprotección?

- a) 1000 persoas ou máis.
- b) 1500 persoas ou máis.
- c) 2500 persoas ou máis.

28. Segundo os contidos mínimos do plan de autoprotección do Decreto 171/2010, en que capítulo atoparemos a análise de riscos?

- a) No segundo.
- b) No terceiro.
- c) No quinto.

29. A persoa que exerce a máxima responsabilidade do plan de autoprotección é:


- a) Director/a do Plan de Autoprotección (DPAU).
- b) Director/a do Plan de Actuación ante Emerxencias (DPAE).
- c) A persoa coa máxima responsabilidade en materia de protección civil da localidade.

30. En que anexo do Decreto 171/2010 atoparemos catálogo de actividades?

- a) Anexo I.
- b) Anexo II.
- c) Anexo III.

31. Mugardos ten as seguintes parroquias .


- a) San Xiao de Mugardos ,San Vicente de Meha ,Santiago de o Seixo , San Xoan de Piñeiro.
- b) San Xiao de Mugardos ,San Vicente de Meha ,Santiago de o Seixo , San Xoan de Piñeiro e franza



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**ASUNTO: 1º EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO DE  
CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO NA  
CATEGORÍA DE OFICIAL DE 2ª PARA O GRUPO  
MUNICIPAL DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL  
(GES) DA ZONA DE EUME E FERROL, CON SEDE EN  
MUGARDOS.**

- c) San Xiao de Mugardos ,San Vicente de Meha ,Santiago de Franza , San Xoan de Piñeiro.
32. Señala a opción correcta .
- a) O colexio Loyola atopase na rua Travesía de Pedreira
  - b) O colexio Loyola atopase na rua nosa señora de Loyola
  - c) O colexio Loyola atopase na Rua Curros Enríquez
33. A estrada AC 130 une :
- a) Mugardos e Ares
  - b) Franza e O seixo
  - c) Gallada e O seixo
34. O campo de fútbol de Mugardos atopase na parroquia de :
- a) San Vicente de Meha
  - b) Santiago de Franza
  - c) San Xiao de Mugardo
35. A via AC 132 pertence a:
- a) Xunta de Galicia
  - b) Concello de Mugardos
  - c) Deputación de A Coruña
36. A rua Pita atopase en:
- a) Franza
  - b) Mugardos
  - c) San Xoan
37. A rua Castela une:
- a) Avda.de Galicia con Apelon
  - b) Avda.de Galicia con Os Corzas
  - c) Ningunha e correcta
38. Mugardos ten os seguintes centros educativos
- a) Unión Mugardesa ,Santiago Apostol ,Loyola ,Escola Infantil Municipal e IES
  - b) B - Unión Mugardesa ,Santiago Apostol ,Loyola ,Escola Infantil Municipal
  - c) Unión Mugardesa ,Santiago Apostol , ,Escola Infantil Municipal
39. O Centro de Saúde do Concello de Fene atopase:
- a) Rúa da Fraga
  - b) Rúa Alta
  - c) Avenida Tarrio
40. O Campo de Fútbol Municipal de Mourente pertence o Concello de:
- a) Neda



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**ASUNTO: 1º EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO DE CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO NA CATEGORÍA DE OFICIAL DE 2ª PARA O GRUPO MUNICIPAL DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) DA ZONA DE EUME E FERROL, CON SEDE EN MUGARDOS.**

- b) Cabanas
- c) Valdoviño

41. ¿A qué Concello pertence a Praia de Chamoso?

- a) Cabanas
- b) Ares
- c) Valdoviño

42. A estrada DP-0402 une:

- a) Mugardos-Fene
- b) Fene-Barallobre
- c) Ares-Chanteiro

43-Cantos modelos de etiquetas hai para explosivos?

- a) Dous.
- b) Tres.
- c) Catro.

44-Que etiquetas de perigo debe levar unha botella que conteña o seguinte produto: gas UN 2189 DICLOROSILANO (2TFC)?

- a) 2,3 + 2,1 + 8.
- b) 2.1 + 2.3 + 8.
- c) 2,2 + 2,1 + 8.

45-Que etiquetas de perigo debe levar un material radioactivo nun paquete de categoría II-Amarelo?

- a) 7A.
- b) 7B.
- c) 7C.


46. A UNE 23026 é una norma española que define o lume como:

- a) Unha combustión caracterizada pola emisión de temperatura, fume e chamas.
- b) Unha combustión caracterizada pola emisión de temperatura, fume, chamas e auga.
- c) Unha combustión caracterizada pola emisión de calor, fume e chamas.

47. A norma ISO 13943 define combustión latente como:

- a) Aquela combustión dun material con presenza de chama ou luz visible.
- b) Aquela combustión dun material sen presenza de chama ou luz visible.
- c) Aquela combustión dun material en fase sólida, sen chama pero con emisión de luz desde a zona de combustión.

48. ¿Cal é a principal diferenza que debemos saber entre o Monóxido de Carbono e o Dióxido de Carbono ou Anhídrido carbónico?



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**ASUNTO: 1º EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO DE CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO NA CATEGORÍA DE OFICIAL DE 2ª PARA O GRUPO MUNICIPAL DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) DA ZONA DE EUME E FERROL, CON SEDE EN MUGARDOS.**

- a) O CO é inflamable e explosivo en mesturas co aire de 12.5% a 74.2%. O CO<sub>2</sub> é un gas non inflamable.
- b) Tanto o monóxido de carbono como o dióxido de carbono son inflamables, pero o anhídrido carbónico é máis pesado que o aire ademais de incoloro e inodoro.
- c) Ningunha é correcta.
49. ¿Pódese utilizar auga como axente de extinción en presenza de corrente eléctrica?
- a) Si, é o máis eficaz, sempre e cando se manteña a distancia de seguridade.
- b) Si, aplicando auga pulverizada ou néboa, utilizado chorros intermitentes, aínda que esta aplicación esixe unha técnica moi depurada e lanzas especiais.
- c) Non, salvo que sexa orde de xefatura, que ao ser unha orde directa os nosos coñecementos non nos serven.
50. ¿Cal é a norma máis actual que regula axentes extintores: Concentrados de Espumas?
- a) UNE 23600
- b) UNE 23603
- c) UNE 1568

#### **PREGUNTAS DE RESERVA**

51. Unha vez que se forma o incendio forestal, a súa propagación e forma xeométrica vai depender de varios factores:
- a) A vexetación (combustible) e o tempo que faga (clima)
- b) A vexetación (combustible) e o tipo de terreo (topografía).
- c) A vexetación (combustible), o tempo que faga (clima) e o tipo de terreo (topografía).
52. Se encerramos un lume dentro dunha liña que evite a súa propagación máis alá desta, nos referimos a:
- a) Extinguir o incendio
- b) Liquidar o incendio
- c) Controlar o incendio
53. ¿Qué é unha liña de control?
- a) Un conxunto de barreiras naturais, así como os bordos extinguidos do lume, que se utilizan para controlar o incendio.
- b) Un conxunto de barreiras naturais e construídas, así como os bordos extinguidos do lume, que se utilizan para controlar o incendio.
- c) A liña que marca o xefe de brigada, para situar os bombeiros e atacar o incendio.



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**ASUNTO: 1º EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO DE  
CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO NA  
CATEGORÍA DE OFICIAL DE 2ª PARA O GRUPO  
MUNICIPAL DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL  
(GES) DA ZONA DE EUME E FERROL, CON SEDE EN  
MUGARDOS.**

54-Que número de etiqueta deben levar os materiais corrosivos?

- a) Número 9.
- b) Número 8.
- c) Números 3 e 8.

55-Que entendemos por expresión "que reacciona coa auga" na clase 4.3?

- a) Calquera material que, en contacto coa auga, desprenda unha perigosa cantidade de gases inflamables.
- b) Calquera materia que en contacto coa auga desprende unha perigosa cantidade de gases infecciosos.
- c) Calquera materia en contacto coa auga disólvese por completo.

\*\*\*\*\*